

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN CONTINUADA DA CARREIRA XUDICIAL ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL E A XUNTA DE GALICIA PARA O ANO 2025

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de dotación de medios persoais, económicos e materiais ao servizo da Administración de Xustiza, á promoción e o desenvolvemento do dereito civil de Galicia, á demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral, e o acceso da cidadanía á xustiza en igualdade de oportunidades, tal e como establece o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos continuar a colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia nas actividades de formación e perfeccionamento para xuíces e maxistrados con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

Antecedentes: O 22 de abril de 1991 o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia levaron a termo un protocolo de cooperación en materia de formación dos membros da carreira xudicial con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, no que quedaron asentadas as bases da cooperación entre ambas as institucións. En desenvolvemento das bases sentadas no protocolo mencionado, e para dotalo de eficacia executiva, ambas as partes veñen colaborando na formación continuada de xuíces e maxistrados destinados en Galicia mediante a subscripción de convenios anuais, dos que o último se asinou no ano 2024.

Finalidade: Para os efectos sinalados, vaise formalizar co Consello Xeral do Poder Xudicial o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento polas partes dos deberes asumidos, pero en ningún caso excederá o 31 de decembro de 2025.

O convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración a desenvolver entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia, por medio da Escola Xudicial e da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respectivamente, no que se refire a calquera actividade de formación e perfeccionamento para xuíces e maxistrados con destino na



Comunidade Autónoma de Galicia, tanto aquelas que consistan en organización de congresos, seminarios, coloquios, xornadas e cursos coma aquelas outras que impliquen a realización de investigacións, publicacións e estudos que poidan contribuír á súa mellora. O marco de colaboración do convenio circunscríbese á vixencia do mesmo, correspondente ao ano 2025.

O instrumento convencional que se vai asinar fundaméntase no seguinte:

A Dirección Xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais a Escola Xudicial do Consello Xeral do Poder Xudicial asumirán conxuntamente a organización e xestión material de todas as actividades de formación e perfeccionamento que se desenvolvan no ámbito da comunidade, sempre que se trate de actividades programadas dentro do marco deste convenio, e sen prexuízo de que o Consello Xeral do Poder Xudicial poida favorecer dentro dos seus plans de formación outras actividades a nivel de provincia ou inferior, ou a nivel do territorio da comunidade autónoma cando se trate de actividades non previstas no marco do convenio.

En todo caso, as partes procurarán manter mecanismos de coordinación a fin de evitar que as actividades programadas por cada unha delas non incluídas no marco do convenio se interfiran mutuamente.

O cantidade máxima da achega da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes será de vinte e sete mil euros (27.000,00 €), con cargo á aplicación 05.03.131A.226.06 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2025.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O director xeral de xustiza

José Tronchoni Albert
Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela

CVE: RNJHJLAEO7C97
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

